

Reflexións sobre o Aparcamento da Alameda



AER está totalmente en contra do sistema de regulación do aparcadoiro da alameda aprobado polo PP.

Vistas as declaración feitas polo PP e o estudo encargado polo Concello sobre este tema, vémonos na obriga de facer unas aclaracións.

O PP afirma que se limitou a solicitar una subvención para regular e controlar o aparcamento nesa zona. Esa subvención, nin se resolveu, nin foi concedida, e polo tanto, descoñécese si se van a levar a cabo eses traballos.

Temos que dicir que isto é una verdade a medias, xa que si que é certo que se pediu esta subvención e que no estudo recóllese que a obra se fará se é concedida. Pero tamén é certo que a realización desta obra está aprobada por resolución de alcaldía sen saber se o Concello vai recibir a subvención ou non. Queren deixar o “choio atado” antes das eleccións? Teñen algún compromiso con alguén?

Que di a resolución:

RESOLVE

Primeiro.- APROBAR A REALIZACIÓN DA OBRA de INSTALACIÓN DE SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS NO APARCADOIRO DE VEHÍCULOS AO AIRE LIBRE PRÓXIMO AO MERCADO DE ABASTOS DE REDONDELA, segundo estudo técnico redactado, cun orzamento de 119.565,70€, IVE incluído, correspondente á obra e de 5.023,77 euros, IVE incluído, dos honorarios por redacción do proxecto e dirección de obra.

Redondela a 20 de febreiro de 2015

Asinado : Javier Bas O ALCALDE

Cousa que nos chaman atención do estudo encargado polo PP:

“[...]Nesta liña aspira, en colaboración cos demais axentes sociais, ao desenvolvemento e planificación dun urbanismo de calidade e a mellora das infraestruturas e comunicación.[...]”

Desenvolvemento e planificación dun urbanismo de calidade?. Pois non sabemos para que se gastou tanto nunha empresa que redacte o PXOU podendo facelo vostedes moito mellor.

“[...]O Mercado Municipal de Redondela atópase aberto de luns a sábado en horario de 8:00 a 15:00 horas e tamén permanece aberto os festivos e domingos que coinciden cos días de feira, que en Redondela son os días 6 e 21 de cada mes.[...]”

Cal vai ser o horario de pago do aparcamento? O mesmo ca o Mercado Municipal? No estudo non ven reflexado e nós non coñecemos outro documento oficial onde veña recollido. O que si atopamos na prensa é esta declaración: “[...]Os dirixentes locais puntualizan que o novo sistema contemplaría un tempo de aparcadoiro gratuíto durante a primeira hora e media e tamén se contemplaría "un tratamento diferenciado e específico para os residentes" que aínda non está definido.[...]” (Faro de Vigo 12/04/2015)

Logo podemos estar tranquilos. So lles vai molestar aos de fora. Os de Vilar son residentes? E os de Trasmañó?

“[...]O sistema proposto para o control de accesos de vehículos ao aparcadoiro municipal ao aire libre próximo ao Mercado de Abastos de Redondela consistirá nun sistema de acceso a través de tarxeta de proximidade prepago, sen límite de usuarios.[...]”

AER considera isto una privatización na sombra; e aínda que o recadado vaia para o Concello, o sistema proposto de regulación depende de aparatos controlados por un sistema informático que terán un mantemento que dubidamos moito que faga o Concello. Sen ter en conta posibles actos vandálicos contra as infraestruturas instaladas.

Fixeron un estudo de viabilidade? Xa lle dicimos que non. Custe da instalación, custe de mantemento, previsións de recadación...

“[...]O aparcamento de vehículos soamente será de pago durante un horario determinado, habendo un tempo inicial que resultará gratuíto. Isto quere dicir que poderase acceder ao aparcamento aínda que a tarxeta prepago non teña saldo.[...]”

Cal vai ser o horario e o prezo a pagar neste aparcamento? repetimos o de antes, aínda non coñecemos ningún documento oficial onde veñan reflexados estes datos. Tendo que soportar a veciñanza deste concello un dous impostos de rodaxe máis caros da contorna, temos que pagar tamén por aparcar nun espazo público. Consultou o PP a veciñanza? O ten ben fácil, pode levar este tema aos consellos parroquiais, así como mandar a proposta ás diferentes asociación rexistradas no Concello para que poidan opinar.

“[...]No caso de que o saldo da tarxeta sexa insuficiente, o usuario deberá ir recargar a tarxeta á Oficina de Recadación do Concello. Si a Oficina de Recadación estivese pechada o usuario deberá chamar á Policía Local para que lle abran a barreira automática.[...]”

Neste caso, a quen se lle pagaría en man? á policía? Por certo as persoas que estean de paso, non terían nada doado o acceso ao aparcamento.

“[...]Tamén se procedeu a asfaltar o aparcadoiro situado ante o mercado que é obxecto do presente estudo e mellorouse a canalización da rede de augas fecais.[...]”

Menuda mellora: xusto en fronte da praza hai una tubaxe que verte augas fecais, feito que se denunciou dende AER en repetidas ocasións.

